




CORPORACIÓN MUNICIPAL 2015/2019  
Casa do Concello



## NOTIFICACIÓN

Asunto: convocatoria á sesión ordinaria do PLENO DO CONCELLO

Notifícaselle a Resolución da Alcaldía do 09/11/2015 que di:

### "RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

*LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 2 a) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional), do 19/01/2015.*

*TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data RESOLVO:*

**PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o**

Día: 12/11/2015  
Hora: 20:00 h. a 1.ª convocatoria e ás 20:00 h. a 2.ª, dous días despois  
Lugar: salón de plenos da Casa do Concello.  
Orde do día:

### I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 1 Aprobación da acta da sesión que tivo lugar o 13/07/2015, Acta 2015/07
- 2 Aprobación da acta da sesión que tivo lugar o 27/08/2015, Acta 2015/08
- 3 Aprobación da acta da sesión que tivo lugar o 10/09/2015, Acta 2015/09
- 4 Aprobación da acta da sesión que tivo lugar o 30/09/2015, Acta 2015/10
- 5 Aprobación da acta da sesión que tivo lugar o 30/09/2015, Acta 2015/11
- 6 Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal núm. 3 e calendario fiscal
- 7 Moción de Boironovo Son sobre a aprobación dun conxunto de medidas para mellorar o funcionamento e organización do Pleno municipal e dotar dunha maior transparencia e participación (RE 6500 do 23/06/2015)
- 8 Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre a modificación da liña de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre de costas (RE 8692 do 02/09/2015)



- 9 *Moción de Boironovo Son sobre a necesidade de beirarrúas e mellora na seguridade vial na estrada de Vilariño a Cimadevila (RE 9227 do 15/09/2015)*
  - 10 *Moción do Bloque Nacionalista Galego en apoio ás persoas refuxiadas e migrantes en Europa (RE 9449 do 22/09/2015)*
  - 11 *Moción do Partido Popular para asumir a atención aos refuxiados como unha cuestión de Estado (RE 9510 do 23/09/2015)*
  - 12 *Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre os plans vixentes en materia de uso das TICs (RE 10217 do 14/10/2015)*
  - 13 *Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre a ampliación da acreditación por violencia machista e a creación do Estatuto do Feminicidio (RE 10295 do 16/10/2015)*
  - 14 *Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre o impulso dunha proposición de lei de iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética (RE 10296 do 16/10/2015)*
  - 15 *Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre a revisión das ponencias de valores catastrais (RE 10487 do 22/10/2015)*
  - 16 *Moción do Partido Popular sobre do Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero (RE 10708 do 29/10/2015).*
  - 17 *Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre as reclamacións dos mariños galegos agrupados na Asociación Longhope (RE 10712 do 29/10/2015)*
  - 18 *Moción de Boironovo Son sobre a inclusión no calendario de vacinas a vacina da meninxite B (RE 10773 do 31/10/2015)*
  - 19 *Moción de Boironovo Son sobre a eliminación do barrociras arquitectónicas (RE 10774 do 31/10/2015)*
  - 20 *Moción de Boironovo Son sobre a creación dun parque público cuberto (RE 10822 do 03/11/2015)*
  - 21 *Moción de Iniciativa Cidadá de Boiro sobre o Pazo de Goiáns (RE 10860 do 04/11/2015)*
  - 22 *Moción de Iniciativa Cidadá de Boiro sobre a apertura do aparcadoiro da Negral e a urbanización entre a Avda. da Constitución e Río Breiro e a estrada a Abanqueiro, Avda. de Barraña e o paseo fluvial ao longo do río (RE 10861 do 04/11/2015)*
  - 23 *Moción do Partido Popular en defensa do Estado das Autonomías (RE 10909 do 05/11/2015)*
- II PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**
- 24 *Toma de coñecemento das Resolucións da Alcaldía*
  - 25 *Toma de coñecemento polo Pleno da Corporación dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal así como das principais anomalías en materia de ingresos 2015, correspondente ao 3 trimestre 2015*





CONCELLO DE BOIRO

Secretaría 3/4

- 26 *Toma de coñecemento do informe da Intervención municipal sobre o cumprimento da obriga de remisión da información trimestral sobre o período medio de pago a provedores establecido na Lei de estabilidade presupuestaria e sustentabilidade financeira correspondente ao 3º trimestre de 2015*
- 27 *Toma de coñecemento do informe da Intervención municipal sobre o cumprimento da obriga de información trimestral sobre o cumprimento dos prazos de pago establecidos na lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, referido ao 3º trimestre de 2015*
- 28 *Toma de coñecemento do informe da Intervención municipal relativo ao cumprimento da obriga de subministración de información do 3º trimestre de 2015 derivada da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupuestaria e sustentabilidade financeira*
- 29 *Mocións de urxencia*
- 30 *Rogos e preguntas*

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, poñendo a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

**CUARTO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**QUINTO.** DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

Boiro, 9 de novembro de 2015.

O alcalde,

Juan José Dieste Ortigueira

o secretario,

Dalmiro Núñez Méndez

RECURSOS

Este acordo constitúe un acto de trámite polo que pode formular cantas alegacións estime oportunas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento (artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común).

Igualmente, se estima que o dito acto decide directa ou indirectamente o asunto de fondo, determina a imposibilidade de continuar o procedemento, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, pode interpoñer, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, un recurso potestativo de reposición, que terá que fundamentar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da dita Lei 30/1992.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

Boiro, 9 de novembro de 2015

O secretario,

Dalmiro Núñez Méndez

